

ESTUDO SOBRE O IMPACTO LABORAL DA PANDEMIA DE COVID-19 DURANTE O ANO 2021 NAS PERSOAS TITULADAS DA UVIGO

Xaneiro-Setembro de 2021



Páxinas: 432

Ano: 2022

ISBN: 978-84-09-39486-9

Depósito legal: PO 192-2022

Culminando a serie de estudos de inserción laboral do antigo alumnado da UVigo durante a crise do Coronavirus, o Observatorio de Persoas Tituladas, co apoio do Consello Social, elaborou entre novembro e decembro de 2021 o presente *Estudo sobre o impacto laboral da pandemia de Covid-19 durante o ano 2021 nas persoas tituladas da UVigo. Xaneiro-Setembro de 2021*. Previamente, o Observatorio realizara un estudo inicial sobre o impacto durante o grande confinamento da primeira onda (marzo-xuño de 2020) e outro sobre a segunda onda da pandemia (setembro-décembro de 2020).

Desde a súa creación en 2016 polo Consello Social da Universidade de Vigo, o Observatorio de Persoas Tituladas está a desenvolver actividades destinadas a consolidar os vínculos cos antigos estudantes da UVigo a partir do estudo das súas traxectorias profesionais, entre as cales se atopa a realización dun seguimento periódico da poboación titulada, concretada através dos seus estudos de inserción laboral. Na serie de estudos realizados son analizadas as valoracións do antigo alumnado, proporcionando informacións da percepción que teñen sobre a súa experiencia académica adquirida e da súa situación profesional actual.

Esta investigación consistiu nunha Enquisa de Impacto Laboral aplicada a unha mostra representativa de 2.530 antigos estudantes da UVigo cuxo traballo de campo foi realizado entre o 13 de setembro e 5 de novembro de 2021. O período avaliado decorreu entre o 1 de xaneiro e 1 de setembro de 2021, coincidindo coa terceira, cuarta e quinta vaga da pandemia. Para un nivel de confianza de 95%, e $p=q$, o erro real é de $\pm 1,91\%$ para o conxunto da mostra e no suposto de mostraxe aleatoria simples.

A poboación obxecto de estudo está centrada na poboación universitaria titulada en titulacións de 1º (diplomaturas e enxeñarías técnicas) e 2º ciclo (licenciaturas e enxeñarías superiores), graos, mestrados universitarios, estudos de doutoramento e títulos propios, de todas as promocións académicas e independentemente do lugar en que se encontren residindo ou traballando.

Por promocións, a poboación obxecto de estudo está constituída polos titulados/as da Universidade de Vigo desde a súa creación, no curso académico 1989/90, até o curso 2020/21, abranxendo desde as máis antigas até as máis recentes, que acaban de completar os seus estudos no momento da realización da enquisa.

O Informe Definitivo ten unha extensión de 432 páxinas e inclúe múltiples comentarios sobre os resultados obtidos en función de diferentes variábeis de segmentación (xénero, rama académica, tipo de estudos, promoción académica, lugar de residencia/traballo...), incorporando 339 cadros e 167 anexos.

O impacto da crise por Covid-19 é abordado a partir de tres perspectivas:


- Sanitaria: Contaxios no lugar de traballo ou no entorno laboral
- Laboral: Incidencia nas taxas de ocupación e de desemprego
- Modo de Traballo: Medidas organizativas tomadas polas empresas para encarar a pandemia.

O estudo aborda de forma específica a fatiga pandémica; isto é, como se viu afectado o estado de ánimo das persoas tituladas en consecuencia da situación creada pola pandemia (contaxios, confinamentos, restricións, uso da máscara...).

1. Impacto sanitario da pandemia durante o ano 2021

A maioría de titulados/as (68,5%) referiu a existencia dalgún caso de contaxio de Covid-19 no seu ambiente de traballo.

Gráfica nº1: Incidencia sanitaria da pandemia a nivel global e segundo o lugar de traballo



Rama de actividade: Houbo máis incidencia no sector público (81,0%) que nas entidades non lucrativas (68,9%) e a empresa privada (62,2%).


Sector económico: Afectou máis aos sectores aeroespacial (92,3%), sanitario/saúde (86,6%), téxtil e confección (85,7%), farmacéutico (83,3%), ensino/docencia (81,9%) e servizos sociais (80,0%).

2. Impacto laboral da pandemia durante o ano 2021

2.1 Situación socio-laboral

A 1 de setembro de 2021 a inmensa maioría (81,6%) seguía no mesmo emprego/actividade que tiña a 1 de xaneiro. Un 3,5% xa estaba desempleado, ao que se suma os que perderon o emprego. O 3,2% seguía na mesma situación anterior (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións,...).

Gráfica nº2: Variación na situación socio-laboral




2.2 Taxa de ocupación

A ocupación aumentou o 0,5%, ao pasar do 89,7% en xaneiro de 2021 ao 90,1% en setembro de 2021.

Xénero: A ocupación dos homes pasou do 92,0% ao 93,0% mentres que a das mulleres baixou do 88,1% ao 88,0%.

Lugar de residencia: O aumento foi maior no estranxeiro (do 88,6% ao 91,6%%) e noutras Comunidades Autónomas (do 94,3% ao 95,2%%). En Galicia ficou ancorada no 89,1%.

Gráfica nº3: Variación porcentual da taxa de ocupación a nivel global, por xénero e lugar de residencia




2.2.1 Rotación laboral

O 4,7% de titulados/as mudou de emprego entre xaneiro e setembro de 2021, sendo máis frecuente noutras Comunidades Autónomas e en Galicia que no estranxeiro.

Rama de actividade: Houbo máis rotación nas entidades non lucrativas (8,3%) que no sector público (4,7%) e na empresa privada (5,0%).

Sector económico: Foi maior en turismo e restauración (22,2%), seguidos por cultura e entretemento e consultoría (10,5% ambos), defensa e seguranza e servizos sociais (9,1% ambos), comercio, madeira e minaría (8,3% cada un).

Gráfica nº4: Rotación laboral a nivel global, por xénero e lugar de traballo




Sector económico do novo emprego: Destaca o ensino/docencia (20,2%) seguido por servizos da administración pública (10,9%), investigación (8,4%), sanitario/saúde (4,8%), automoción e consultoría (5,0% ambos).

2.2.2 Oportunidades laborais

O 3,8% encontrou emprego entre xaneiro e setembro de 2021, na súa maioría (83,3%) titulados/as que procuraban emprego, seguidos polos que preparaban oposicións (13,5%) e continuaban estudos universitarios (2,1%).

Gráfica nº5: Oportunidades laborais a nivel global, por xénero e lugar de residencia



Sector económico do novo emprego: Destacan os servizos da administración pública (16,7%), ensino/docencia (8,9%), investigación e sector primario (6,7% ambos), consultoría e enxeñaría (5,6% ambos).


2.3 Taxa de desemprego

A taxa de desemprego repontou un 3,0%, pasando de 6,6% en xaneiro de 2021 a 6,8% en setembro de 2021. Porén, trátase dunha suba non significativa e dentro da marxe de erro.

Xénero: Baixou entre os homes (do 5,7% ao 4,9%) e subiu entre as mulleres (do 7,3% ao 8,1%).

Lugar de residencia: Diminuíu no estranxeiro (do 6,4% ao 3,5%) e noutras Comunidades Autónomas (do 3,8% ao 3,2%), mais aumentou en Galicia (do 7,1% ao 7,7%).


Gráfica nº6: Variación porcentual da taxa de desemprego a nivel global, por xénero e lugar de residencia



2.3.1 Destrución de emprego

O 3,2% das persoas tituladas perdeu o emprego entre o 1 de xaneiro e o 1 de setembro de 2021.

Gráfica nº7: Destrución de emprego a nivel global, por xénero e lugar de traballo



Tipo de contrato: As persoas con contratos temporais foron máis prexudicadas (10,6%), seguidas por contratos en prácticas (9,1%), por obra/servizo (6,7%) e bolseiros/as (4,5%) e indefinidos (0,8%).

Antigüidade: Case a metade (48,7%) era inferior a seis meses, 61,5% inferior a un ano, 76,9% inferior a dous anos e 88,4% inferior a cinco anos.

Rama de actividade: Houbo máis destrución de emprego nas entidades non lucrativas (4,6%) que na empresa privada (2,8%) e sector público (2,4%).

Sector económico: Afectou mormente ás actividades inmobiliarias (11,1%), medios de comunicación/AV (7,7%), servizos sociais (7,6%), comercio (6,3%), loxística, transporte e distribución (6,1%), turismo e restauración (5,6%) e cultura e entretemento (5,3%).

Causas da perda de emprego: A finalización do contrato vixente (63,3%), seguida polos despedimentos (24,5%), a suspensión da actividade profesional (6,1%), o peche do negocio propio (4,1%) e a pasaxe do ERTE a ERE (2,0%).

Recuperación do emprego: A maioría (59,1%) non conta con recuperalo no curto prazo, duplicando o pesimismo feminino (70,0%) ao masculino (35,7%).

Retoma da actividade suspendida durante o ano 2021: O 80,0% espera retomar a súa actividade ou negocio no curto prazo.


Procura de emprego: A maioría (75,6%) procurou emprego entre xaneiro e setembro de 2021.

3. Impacto no modo de traballo

3.1 Modalidade de traballo durante o ano 2021

A maioría (50,4%) teletraballou de forma parcial (26,0%) ou total (24,4%), 7,8 puntos porcentuais máis dos que traballaron presencialmente (42,6%). Un 3,5% viuse afectado por ERTes (ou figura semellante no estranxeiro) e outro 3,5% estivo en casa sen traballar.

Gráfica nº8: Modalidade de traballo durante a pandemia



Xénero: Os homes teletraballaron (54,7%) máis que as mulleres (47,2%), as cales traballaron máis presencialmente (44,1% contra 40,5%) e estiveron en casa sen actividade laboral (2,9% contra 0,7%).

Lugar de traballo: En Galicia houbo máis traballo presencial (48,0%) que noutras Comunidades Autónomas (28,8%) e no estranxeiro (19,6%). O teletraballo foi máis frecuente no estranxeiro (76,6%) e noutras Comunidades Autónomas (66,8%) que en Galicia (45,6%).

Rama de actividade: O teletraballo estivo máis implantado nas entidades non lucrativas (29,8%) e empresa privada (28,9%) que no sector público (17,8%), onde a metade (49,1%) traballou presencialmente. Só se rexistraron ERTes na empresa privada (5,0%).

3.2 Experiencia previa en teletraballo

O 31,0% teletraballou pola primeira vez durante o ano 2021. O resto que teletraballou total ou parcialmente xa teletraballara antes: o 37,4% durante a primeira onda e o 28,6% antes da aparición da pandemia.

3.3 Impacto sobre a carga de traballo

Case a metade (48,6%) viu aumentada a súa carga de traballo contra un 10,3% que diminuíu, afectando á maioría de mulleres (52,4%).

Gráfica nº9: Incidencia da pandemia no aumento da carga de traballo



Lugar de traballo: A carga de traballo aumentou máis en Galicia (50,2%) e noutra Comunidade Autónoma (48,5%) que no resto do mundo (40,8%).

Rama de actividade: A maioría de empregados/as públicos (58,4%) viu incrementada a súa carga contra os que traballan en entidades non lucrativas (41,3%) e empresa privada (44,3%).

Modalidade de traballo: Experimentaron máis carga de traballo as persoas que traballaron presencial (57,8% con restricións e 51,2% con "normalidade") e semipresencialmente (49,4%) que as que teletraballaron (44,1%).

4. Fatiga pandémica

Este estudo abordou pola primeira vez a fatiga pandémica; isto é, o impacto que a pandemia provocou no estado de ánimo dos titulados/as por causa das restricións e situacións creadas pola crise do coronavirus.


4.1 Impacto da crise do coronavirus

A propagación do coronavirus desatou unha crise sanitaria, social e económica global con impacto a nivel local.

4.1.1 Impacto xeral da pandemia

O impacto xeral da pandemia, nunha escala de 1 (nada afectado/a) a 5 (moito afectado/a), foi de 3,25, afectando máis ás mulleres (3,39) que aos homes (3,07).

Gráfica nº10: Impacto xeral da pandemia a nivel global e por xénero



Promoción: O impacto foi maior nas promocións máis recentes de titulados/as entre 2011-2021 e entre 2001-05 (3,31) contra o mínimo entre 2001-05 (3,19) e 2006-10 (3,20).

Lugar de residencia: O impacto foi maior en Galicia (3,29) que noutras Comunidades Autónomas (3,10) e no estranxeiro (3,16).


Rama de actividade: O impacto foi maior no sector público (3,35) que na empresa privada (3,15) e entidades non lucrativas (3,19).

Sector económico: Houbo máis impacto en turismo e restauración (3,78), sanitario/saúde (3,76), medios de comunicación/AV (3,50) e en ensino/docencia e servizos sociais (3,44 ambos).

4.1.2 Aspectos do impacto da pandemia

Entre o 96% que se viu afectado, máis de tres en cada catro referiron implicacións emocionais, seguido, a máis distancia, polos aspectos laborais e de saúde/atención sanitaria.

Gráfica nº11: Aspectos do impacto da pandemia a nivel global e por xénero




Xénero: As mulleres víronse máis afectadas por aspectos emocionais e sanitarios mentres que os homes se mostraron máis vulnerábeis perante os aspectos laborais.

Lugar de residencia: Os aspectos emocionais afectaron máis aos emigrantes no estranxeiro (84,0%) e noutras Comunidades Autónomas (80,9%) que en Galicia (76,7%). Os aspectos laborais foron máis sentidos en Galicia que noutras Comunidades Autónomas (46,4% contra 39,8%). Os aspectos sanitarios foron máis frecuentes en Galicia e noutras Comunidades Autónomas (±40%) que no estranxeiro (22,5%).

4.2 Impacto emocional da pandemia

O impacto emocional da pandemia, nunha escala de 1 (nada afectado/a) a 5 (moito afectado/a), foi de 3,28, afectando máis ás mulleres (3,48) que aos homes (2,99).

Gráfica nº12: Impacto emocional da pandemia a nivel global e por xénero



Lugar de residencia: Houbo máis impacto emocional no estranxeiro (3,31) e en Galicia (3,28) que noutras Comunidades Autónomas (3,21).

Promoción: Sentíronse máis afectadas as promocións máis novas (3,43 entre 2016-21 e 3,36 entre 2011-15) contra o mínimo das máis antigas (3,17 entre 1990-95 e 3,19 entre 2001-05).

Rama de actividade: O impacto foi maior no sector público (3,37) que na empresa privada (3,21) e entidades non lucrativas (3,26).


Sector económico: O estado anímico viuse máis afectado no sector sanitario/saúde (3,62), farmacéutico (3,61), xestión ambiental (3,57), turismo e restauración (3,50) e medios de comunicación/AV (3,46).

Modalidade de traballo: Houbo máis impacto entre os que traballaron presencialmente con restricións (3,30) que entre os que o fixeron con "normalidade" (3,17). O impacto entre os que traballaron semipresencialmente foi maior (3,32) aos que teletraballaron (3,25).

4.2.1 Preocupación co contaxio durante a pandemia

Nunha escala de 1 (nada preocupado/a) a 5 (moito preocupado/a), a preocupación global foi de 3,35, sendo máis alta nas mulleres (3,54) que nos homes (3,08).

Gráfica nº13: Preocupación co contaxio durante a pandemia a nivel global e por xénero



Lugar de residencia: A preocupación sanitaria foi maior en Galicia (3,39) que no resto do mundo (3,09) e noutras Comunidades Autónomas (3,25).

Promoción: Mostráronse máis preocupados os titulados/as entre 2011-15 (3,45) e 2016-21 (3,41) contra o mínimo da máis antiga (3,25 entre 1990-95).

Rama de actividade: No ámbito público houbo máis preocupación (3,51) que na empresa privada (3,24) e entidades non lucrativas (3,28).


Impacto sanitario: A preocupación foi maior entre os que testemuñaron contaxios no seu ambiente de traballo (3,38 contra 3,22).

4.3 Custo condutual do cumprimento das medidas de protección contra a pandemia

Custou máis, nunha escala de 1 (non lle custou nada) a 5 (custoulle moito), a limitación de persoas nas reunións familiares ou de amigos (3,59) e as

restricións á mobilidade xeográfica (3,51), seguidas polo uso da máscara en recintos pechados (3,17) e na rúa e espazos públicos (3,10), ben como o peche de parques e xardíns (3,08). En menor grao, o toque de recoller obrigatorio (2,65), limitacións de horario e/ou peche de locais de lecer e restauración (2,62) e corentenas por contacto directo con positivos (2,03).

Gráfica nº14: Custo condutual a nivel global




Xénero: As mulleres tiveron máis dificultade no cumprimento das restricións de mobilidade entre áreas xeográficas (3,58 contra 3,40 de homes) e a limitación do número de persoas en reunións familiares/amigos (3,66 contra 3,49). Aos homes custoulles máis as limitacións de horario e/ou peche de bares e restaurantes (2,68 contra 2,58). No resto de medidas avaliadas non existen diferenzas significativas por xéneros.

4.4 Problemáticas no ambiente de traballo

Os problemas máis frecuentes (suma de bastantes e moitas veces) no ambiente de traballo por causa da pandemia nos últimos meses foron a sensación de temor a ser contaxiado/a a pesar das medidas de prevención tomadas (25,5%), ou a sensación de non poder realizar ben o traballo debido ás incertezas provocadas pola pandemia (21,0%). Menos frecuentes foron as dificultades derivadas de compatibilizar o traballo en casa (teletraballo) con persoas dependentes a cargo (16,5%), a aparición de dificultades no traballo (16,2%) derivadas dos desprazamentos, mudanzas de horarios ou nas funcións a desempeñar, problemas con colegas ou superiores, problemas con clientes... e, finalmente, a existencia de perspectivas negativas no curto prazo (13,7%) sobre as repercusións da pandemia no posto de traballo no que toca á renovación de contrato, redución de xornada, baixada salarial...

Xénero: As mulleres tiveron máis problemas coa sensación de temor ao contaxio no posto de traballo (31,4% contra 17,7%) e de non poder realizar ben o traballo debido ás incertezas producidas (24,3% contra 16,7%), ben como en compatibilizar o traballo en casa con persoas dependentes a cargo (19,9% contra 12,3%). No resto de variábeis avaliadas non existen diferenzas significativas entre homes e mulleres.

Gráfica nº15: Problemas máis frecuentes no traballo a nivel global




5. Percepción sobre o impacto da pandemia na economía e o retorno á vella normalidade

O estudo avalía o impacto da crise económica provocada pola pandemia na economía persoal e doméstica das persoas tituladas, ben como as súas expectativas sobre a melloría da economía doméstica e o retorno á normalidade pre-pandémica.

5.1 Evolución da economía persoal

As persoas que viron diminuídos os seus ingresos persoais durante o ano 2021 (15,8%) superaron ás que os aumentaron (11,7%).


Gráfica nº16: Comparativa do empeoramento da economía persoal a nivel global e por xénero



5.2 Evolución da economía doméstica

A pandemia provocou durante o ano 2021 unha caída nos ingresos domésticos do 20,8% das persoas tituladas, véndose afectadas máis mulleres (23,5%) que homes (17,0%).


Gráfica nº17: Comparativa do empeoramento da economía doméstica



5.3 Expectativas sobre a melloría da economía doméstica no curto prazo

O 23,7% encara positivamente o futuro inmediato da súa economía, mostrándose máis optimistas os homes que as mulleres (30,5% contra 18,8%), ben como os emigrados no estranxeiro (40,1%) e noutras Comunidades Autónomas (31,4%).


Gráfica nº18: Comparativa das expectativas de melloría da economía doméstica no curto prazo



5.4 Expectativas sobre o retorno á vella normalidade

En setembro de 2021 unha maioría de 62,7% esperaba voltar á normalidade pre-pandémica: o 26,2% de forma inmediata e o 36,5% logo dun período de adaptación inicial. Polo contrario, un 13,7% descartou redondamente esta hipótese e case unha cuarta parte (23,6%) preferiu non pronunciarse.

Gráfica nº19: Expectativas sobre o retorno á normalidade pre-pandémica



Xénero: Os homes mostrándose máis optimistas (35,3%) que as mulleres (19,7%) na retoma inmediata da vella normalidade.

Lugar de residencia: Son máis optimistas no estranxeiro (37,1%) e noutras Comunidades Autónomas (33,5%) que en Galicia (23,9%).